

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Mércores, 27 Xuño 2012 20:27



-Están abertas as inscricións para o curso "Dende o badal ao clic. A construción das novas sociedades rurais galegas", organizado polo IEM e a Universidade Internacional Menéndez Pelayo.

Novamente a Universidade Internacional Menéndez Pelayo decidiu acoller un dos seus cursos de verán no Val Miñor. Nomeadamente a vila de Gondomar será sede por segunda vez dun dos eventos que congrega a estudantes e universitarios de toda Galicia e doutros puntos da península e o exterior. O Instituto de Estudos Miñoranos, encargado da organización, xa abriu as inscricións que terán un custe de 65 euros. O curso, co título "Dende o badal ao clic. A construción das novas sociedades rurais galegas", desenvolverase do 6 ao 8 de setembro na Aula de Cultura Ponte de Rosas (Avda. da Feira, N^o 10, baixo, Gondomar).

As palestras do curso contarán cos mellores especialistas na materia, que brindarán unha visión global da evolución das sociedades rurais nos seus aspectos organizativos,

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Mércores, 27 Xuño 2012 20:27

representativos, culturais, demográficos, lingüísticos, ... Como se están modificando os hábitos, os costumes, as formas de vida e, en definitiva, como van mudando os seus valores, dende as formas de poboación antigas ata a complexidade das sociedades modernas.

Ademais haberá visitas guiadas a lugares de interese relacionados coa temática a desenvolver

O aloxamento corre a carga de cadaquén. Existe unha completa rede de hoteis na zona e, incluso, facendo a reserva con antelación suficiente, a Residencia de Tempo Libre de Panxón.

O prezo da matrícula xestionada a través do IEM será de 65 euros, polo que os interesados/as en asistir podedes reservar praza dende este momento nos correos: direccion@minhor.org/ oficina@mihor.org, no tfno. 986 360 575 ou no 680 644 490 enviando os seguintes datos:

Nome e apelidos:

DNI:

Enderezo postal:

E-mail: Teléfono de contacto:

Estudos:

Para estudantes, a Universidade de Santiago de Compostela e a de Vigo conceden 1 crédito, mentres que a U. da Coruña recoñece 2 créditos. A UIMP recoñece un total de 20 horas

Curso da UMP en Gondomar: "Dende o balado ao clic. A construción das novas sociedades rurais galegas"

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Mércores, 27 Xuño 2012 20:27

As persoas que teñan interese en participar deberán facer a reserva o antes posible pois o número de prazas é limitado.

Para descargar o programa completo do curso [preme aquí.](#)